

ÉMILE ZOLA

Thérèse Raquin

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

Ao final da rúa Guénégaud, vindo dos peiraos, atópase a pasaxe da Pont-Neuf, unha sorte de estreito e sombrizo corredor que vai da rúa Mazarine á rúa de Seine. Ten esta pasaxe, como moito, trinta pasos de longo e dous de ancho; está pavimentada con baldosas amareladas, luídas e soltas, que sempre zumegan unha humedén acre; a vidreira que a cobre, cortada en ángulo recto, está negra de carraña.

Nos días bos do verán, cando un pesado sol abrasa as rúas, unha claridade esbrancuxada descende dos vidros sucios e esténdese miseravelmente pola pasaxe. Nos días desapraticibles do inverno, nas mañás de brétema, os cristais só proxectan escuridade sobre as pegañentas lousas, unha escuridade lixosa e innobre.

Á esquerda ábrense coma furados unhas tendas escuras, de teitos baixos, abafadizas, das que escapan frías airexas de cripta. Neles hai libeiros de vello, vendedores de xoguetes para cativos, tendas de cartonaxes, cuxos andeis grises e poirentos adormecen vagamente na sombra. As vitrinas, feitas de pequenos cristais, irisan de estraña maneira as mercadorías con reflexos averdados; alén, detrás dos escaparates, as tebrosas tendas son outros tantos buracos lúgubres polos que buligan estrañas formas.

Á dereita, ao longo toda a pasaxe, esténdese un muro contra o que os comerciantes de en fronte apegaron uns

estreitos armarios; alí expóñense obxectos sen nome e mercadorías esquecidas hai vinte anos, encol de finas táboas pintadas dunha horrible cor pardenta. Unha vendedora de bixería estableceuse nun deses armarios; vende aneis a quince céntimos delicadamente colocados no fondo dunha caixa de caoba sobre un leito de veludo azul.

Por riba da vidreira, o muro sobe, negro, bastante revocado, como cuberto de gafura e repleto de cicatrices.

A pasaxe da Pont-Neuf non é un lugar de paseo. Adoita collerse para evitar unha volta, para gañar uns minutos. Atravésaa un público de xente atarefada cuxa única preocupación é camiñar ás présas e sen se deter. Por ela vense aprendices co seu mantelo de traballo, operarios que van entregar as encargas, homes e mulleres con paquetes debaixo do brazo; tamén se ven vellos que deambulan polo crepúsculo lúgubre que descende dende a cristaleira, e cuadrillas de pícaros que acoden alí ao saír da escola para montar barullo coas súas carreiras e bater cos zocos nas baldosas. Todo o día reina un ruído seco e precipitado de pisadas que resoan sobre a pedra cunha irregularidade irritante; ninguén fala, ninguén se detén; cadaquén corre ás súas anqueiras coa cabeza abaixada, camiñando lixeiro, sen parar sequera a botarlles unha ollada ás tendas. Os comerciantes alucan con expresión inquieta os transeúntes que, de milagre, paran diante dos seus escaparates.

Pola noite, tres queimadores de gas, encerrados en macizos farois cadrados, alumean a pasaxe. Estes queimadores, pendurados da cristaleira, sobre a que deitan unhas manchas de claridade arrubiada, deixan caer en derredor círculos de pálido resplandor que vacilan e parecen desaparecer por momentos. A pasaxe adquire entón o sinistro aspecto dun auténtico lugar amedrentador: gran-

